

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

D^a. María Ramallo Vázquez

SECRETARÍA XERAL
Expt: 2022-SU170-076

Con data 12 de setembro de 2024, pola arquitecta da Oficina Municipal de Rehabilitación emitíuse informe-proposta, conformado co visto e praxe do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Facenda, sinalando a conveniencia de efectuar unha nova convocatoria de axudas no Entorno Residencial de Rehabilitación Programada – ERRP – Casco Vello e Barrio da Banda do río Lameira. No referido informe formulábase a seguinte proposta:

“Solicitar ao órgano municipal competente a publicación dunha nova convocatoria de axudas no ámbito do ERRP que permita abrir un novo prazo de solicitudes debido ao interese xeral e á demanda recollida a través da Oficina Municipal de Rehabilitación, ao amparo do Acordo de financiamento de data 11.05.2023, importe total de 193.580,00 euros con cargo aos fondos europeos NextGenerationEU para a anualidade 2022”.

Con data 26 de setembro de 2024, pola arquitecta da Oficina Municipal de Rehabilitación emitíuse informe xustificativo da conveniencia de aplicar o procedemento de concorrncia non competitiva na concesión destas axudas.

Con data 2 de outubro de 2024, emitíuse informe xurídico polo secretario accidental da Corporación, en sentido favorable ás bases e convocatoria, por ter o contido establecido no artigo 20.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 23.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións, no cal se indicaba que estas debían ser aprobadas pola Alcaldía, previo ditame da comisión informativa de Facenda, tal e como dispón o art. 10 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Marín, publicada no BOPPO núm. 62, do 1 abril 2005.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014EF2A00T6C5N0J6R5N2 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2022SU170-076
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa-Presidenta - 10/10/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario accidental - 10/10/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/10/2024 11:06:41	Fecha: 19/07/2022 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



Con data 2 de outubro de 2024, pola interventora municipal emitíuse informe na que se fiscaliza a proposta de aprobación das bases reguladoras e convocatoria.

Na súa sesión ordinaria do día 2 de outubro de 2024, a comisión informativa de Urbanismo e Facenda, ditaminou favorablemente as bases e convocatoria das axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de Barrio no Entorno Residencial de Rehabilitación Programada do “Casco Vello e Barrio da Banda do Río Lameira” incluídas no PRTR-NextGenerationEU.

Á vista disto, esta Alcaldía no exercicio das súas atribucións, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras e abrir a convocatoria no exercicio 2024 para a concesión, por concorrencia non competitiva, das axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de Barrio no Entorno Residencial de Rehabilitación Programada do “Casco Vello e Barrio da Banda do Río Lameira” incluídas no PRTR-NextGenerationEU.

Segundo.- Financiar a presente convocatoria axustándose ao previsto no RD 853/2021 e segundo o establecido no Acordo N° 28 da Comisión Bilateral celebrada o 11 de maio de 2023 entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma e o Concello de Marín, con cargo á anualidade 2022 e por un importe total de 193.580,00 €.

Terceiro.- Significar expresamente que a aprobación destas bases e convocatoria non supón compromiso de gasto ningún con cargo a recursos propios, quedando condicionada a concesión das axudas á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

FIRMANTE - FECHA		EXPEDIENTE : 2022SU170-076
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014EF2A00T6C5N0J6R5N2 en https://sede.concellodemarin.es	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa-Presidenta - 10/10/2024	Fecha: 19/07/2022
	ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario accidental - 10/10/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/10/2024 11:06:41	Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



Cuarto.- Ordenar a remisión á Base de Datos Nacional de Subvencións, a través da web habilitada pola IGAE, da documentación necesaria para a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para dar cumprimento ó sinalado no artigo 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como a publicación da presente convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello, de conformidade co artigo 8.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Marín, (BOP nº 62 do 01/04/05), e na Sede Electrónica municipal.

Quinto.- Conceder de prazo ata o 30 de novembro de 2024, a contar desde o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), para que as persoas e entidades interesadas presenten as novas solicitudes.

Sexto.- As novas solicitudes e demais documentación necesaria para a concesión destas axudas axustaranse estritamente ao disposto nas presentes bases e convocatoria.

Así o dispón a señora Alcaldesa do esta Secretaría dá fe, en Marín na data da sinatura electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014EF2A00T6C5N0J6R5N2 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2022SU170-076
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa-Presidenta - 10/10/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario accidental - 10/10/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/10/2024 11:06:41	Fecha: 19/07/2022 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL

